

# Cuba: ¿modelo ou exemplo?

*Darío L. Machado Rodríguez*

**A** revolución cubana triunfa a finais da década dos 50 do pasado século, logo dunha intensa actividade revolucionaria que combinou a loita armada nas montañas e nas cidades, coa loita política, as folgas revolucionarias e a insurrección popular, expulsando do poder a unha dictadura pronorteamericana, que ó igual que tódalas anteriores administracións daquela república carecía dun proxecto de desenvolvemento do país.

O histórico acontecemento prodúcese nun momento en que ten lugar un auxe importante no desenvolvemento da comunidade de países socialistas de Europa do Este, en medio dun equilibrio mundial bipolar e cando o *macartismo* e as dictaduras militares ensombrecían o panorama caribeño e latinoamericano.

A revolución cubana, se ben produciuse en medio da guerra fría e non podía subtraerse a influencia daquel sistema de contradicións que afectaba ó mundo enteiro, foi un proceso autóctono, cubano, non só no sentido histórico-cultural, senón moi especialmente pola súa creatividade, a súa capacidade de atopar non só as forzas, senón a adecuada orientación para o troco.

Os principais compoñentes da mestura que permitiu aviar as accións con éxito, sen o apoio material nin ideolóxico de potencia estranxeira algunha, foron, en primeiro lugar –como antecedente revolucionario radical e antiimperialista– o pensamento martiano, rescatado na súa vixencia e necesidade pola Xeración do Centenario<sup>(1)</sup>, e os principios do marxismo que compartían os principais xefes da revolución, xunto co valor, a intelixencia, o xeito e o sentido político que estes tiñan, particularmente Fidel Castro.

Os revolucionarios cubanos atoparon o modo de se procurar as armas, sendo a súa principal fonte de fornecemento de recursos militares o propio exército da tiranía batistiana. A poboación campesiña e o movemento clandestino urbano forneceron de alimentos e outros fornecementos ós rebeldes que facían a guerra nas montañas e entón estendérona á chaira. A revolución cubana tivo liderado auténtico, doutrina revolucionaria propia e recursos tamén propios.

Co triunfo revolucionario do primeiro de xaneiro de 1959, Cuba emerxeu, sen telo programado, como a proba de que un movemento popular revolucionario podía derrotar un réxime autoritario e proimperialista. Daquela aínda estaban recentes os sucesos de Colombia, Guatemala e Venezuela<sup>(2)</sup>, que significaron importantes expresións da loita popular, Cuba deu esperanza para os pobos, e tamén foi modelo a seguir para moitos dos que se sentían convocados, diante da

---

(1) A denominación de *Geración del Centenario* refírese ós revolucionarios que guiados por Fidel Castro, asaltaron o cuartel Moncada en 1953, ano do Centenario do natalicio de José Martí.

situación de empobrecemento e dependencia dos seus respectivos pobos, a atopar vías revolucionarias de cambio.

No entramado da esquerda política daqueles tempos estaban os partidos comunistas que pertenceran á Terceira Internacional, depositarios da herdanza histórica de erguer primeiro as bandeiras do socialismo no continente, e cos sucesivos desgaxamentos xurdiron moitas organizacións revolucionarias que adoptaron concepcións diferentes acerca de como facer a revolución.

Algúns dos integrantes daqueles partidos, fortemente influídos pola teoría revolucionaria marcada pola estratexia leninista para a revolución que conduciu á victoria de Outubro de 1917 en Rusia, non confiaban ou non entendían a revolución cubana na súa calidade de socialista, porque as súas forzas militares principais se nutriran do campesiñado, non da clase obreira, non fora criado primeiro un partido comunista por un proletariado que recibiría desde fóra a ideoloxía socialista, senón que xorde un partido da unidade das organizacións revolucionarias despois de que se toma o poder e porque o programa inicial da revolución cubana non era socialista. Outra particularidade foi que se transitou dunha primeira etapa popular e antiimperialista a unha socialista baixo o mesmo poder revolucionario. A herexía da revolución cubana era demasiado grande para os conceptos establecidos.

Por outra parte estaban os que entenderon a experiencia revolucionaria cubana como a loita guerrilleira nas montañas. Para eles o modelo era a guerrilla. Obviaron a análise histórica do proceso revolucionario cubano, as características específicas de Cuba nos anos 50, os antecedentes do movemento revolucionario da Xeración do Centenario liderada por Fidel Castro, quen fixo incursión na vía electoral frustrada polo golpe de estado de Fulgencio Batista, e a multiplicidade de formas de loita que impulsou o enderezo revolucionario, dentro da estratexia xeral da loita armada.

Este xeito de asimilación da experiencia cubana víase reforzada polos antecedentes de emprego da forza para reprimir os movementos revolucionarios nacionalistas, os levantamentos populares e mesmo os procesos reformistas que afectaban ós intereses norteamericanos.

O panorama anteriormente esbozado estaba lastrado pola influencia nociva das diferencias políticas entre a Unión Soviética e a República Popular China que dividiu as ringleiras dos partidos e as organizacións de esquerda en “pro-chineses e

---

(2) Refírome ó Bogotazo en 1948, desatado polo asasinato de Jorge Eliécer Gaitán, quen gañara o prestixio non só en Colombia, senón en toda a rexión por representar os intereses das maiorías colombianas e retar os intereses da oligarquía crioula e os capitais norteamericanos, ó derrocamento do goberno progresista de Jacobo Arbenz en 1954 en Guatemala por tropas mercenarias organizadas pola Axencia Central de Intelixencia dos EEUU e o derrocamento da dictadura de Pérez Jiménez en Venezuela en 1958 por un movemento popular amparado por sectores militares, feitos todos que evidenciaban as presións populares por un cambio social na rexión. Era habitual en medio do macartismo e da guerra fría que calquera brote de loitas populares fora acusado de estar instigado polos comunistas. Mariano Ospina, entón presidente de Colombia, por exemplo, referíndose ós feitos do Bogotazo, acusou ós comunistas de sabotear a IX Conferencia Internacional Americana que tiña lugar precisamente na capital colombiana. “O goberno está firmemente convencido –dixo o presidente- de que esta foi unha conspiración premeditada polos comunistas...” (Ver *De Chapultepec a la OEA. Apogeo y crisis del panamericanismo* do autor cubano Humberto Vázquez García, Editorial de Ciencias Sociales, La Habana, 2001, p145).

pro-soviéticos”, con posturas e programas que moi pouco tiñan que ver coas diferencias reais que existían entón entre as dúas grandes potencias socialistas.

O certo é que mentres os teóricos do desenvolvemento desentrañaban a complexa rede que impedía a industrialización das sociedades latinoamericanas, foron xurdindo, a raíz da revolución cubana, numerosos movementos revolucionarios que postulaban a vía armada para a toma do poder e o inicio de transformacións sociais radicais en beneficio das grandes maiorías.

Visto á luz de hoxe, os revolucionarios que entón querían adiantar a toma do poder, non se deron o tempo suficiente para o construír desde abaixo, mentres que como ficou demostrado pola historia, máis de 40 anos despois do triunfo revolucionario do primeiro de xaneiro en Cuba, o capitalismo dependente tampouco xerou –nin é quen de facelo– a vontade de proferir e realizar un modelo aceptable de desenvolvemento con equidade<sup>(3)</sup>.

Despois do triunfo da revolución cubana viñeron décadas de continua dependencia que seguiron ensanchando o abismo entre os ricos e os pobres en América Latina e o Caribe. Os países da rexión ostentan hoxe a diferenza máis grande do mundo entre ricos e pobres: os ingresos do 20% da poboación máis rica é 19 veces maior que os ingresos do 20% máis pobre; preto da metade da poboación está na pobreza, mentres as economías son inestables, vulnerables e non existen programas que enfronten a materia pendente do desenvolvemento con equidade, nin hai vontade política nos poderes constituídos na maioría dos países para os proxectar e realízalos. Os problemas sociais acumulados vense non só na crecente desigualdade, senón na desnutrición, as enfermidades curables, as políticas sociais deficientes e ineficientes en terreos tan importantes como a educación e a saúde pública, nos problemas do medio ambiente, no crecente desemprego; esta última é causa de pobreza e desigualdade, pero non é a súa causa última, revela fidedignamente a incapacidade do sistema capitalista dependente prevalecente na rexión e a súa inxustiza conxénita, porque pode mesmo medrar e ver medrar o desemprego, mentres os resultados do crecemento distribúense de maneira moi desigual.

Só cun balance das economías e con políticas que aseguren o desenvolvemento e emprego será posible afrontar o agudo problema social da pobreza. Os cada vez máis debilitados estados nacionais latinoamericanos e caribeños non están en capacidade nin teñen a iniciativa para facelo. Teñen que facelo outros, pero, ¿quen e como?

Debe sumarse a isto a crecente corrupción, claramente identificada polas maiorías cidadáns no maridaxe entre os políticos de quenda nos gobernos e especuladores e negociantes sen ética, que protagonizaron escandalosos manexos dos fondos e do patrimonio públicos desde as posicións de goberno. En América Latina e o Caribe obsérvase unha crecente perda de prestixio dos partidos políticos

---

(3) Iniciativas coa intención de conter a loita revolucionaria radical como, no seu momento, a famosa e logo profundamente esquecida Alianza para el Progreso, auspiciada polos Estados Unidos, resultaron ineficientes e deficientes, e en consecuencia demagóxicas.

que atinxe en diferente medida a todos, incluíndo ós partidos de esquerda, que na súa maioría enfocaron o seu traballo en buscar os medios de acceder ó poder na súa forma estatal governamental:

“Se o Poder estaba focalizado nun só lugar, –nos di Isabel Rauber– a loita política e o político estaban, de feito, reducidas á liorta contra ese poder e por ese poder. Esa redución conformaba o substrato da procura e preparación de enfrontamentos directos pola captura do poder e a descualificación ou subestimación –frente a ese empeño– de toda outra manifestación de loita ou reclamo popular por considerarse non política e por tanto –segundo esa concepción– un freo á loita polo poder<sup>(4)</sup>.”

En efecto, a sospeita xeneralizada na poboación verbo de que todo aquel que busca acceder a posicións de goberno, o que quere é o beneficio persoal e non traballar para o pobo, atinxe moitas veces tamén ós partidos e organizacións políticas da esquerda.

Tal situación segue creando a estas formacións políticas, en condicións moito máis complexas, o problema do poder, dos modos de acceder a este para facer valer os intereses lexítimos das maiorías marxinaadas, de como influír sen ser sospeitosos de oportunismo. O problema fundamental para abordar os trocos necesarios en América Latina e o Caribe segue sendo o do poder, articulado ó da constitución do suxeito e á conformación –definición do proxecto<sup>(5)</sup>–.

Cuba, por outro lado, logrouse soste como alternativa no continente. Pese ós duros anos de período especial, o país puido deter a recesión e comezar a recuperación, que desde 1994 ata a data, con altas e baixas, mantívose.

A sociedade cubana, que antes de se producir o derrube do socialismo en Europa do Este experimentara formas diferentes de organización social e económica nos seus esforzos por estruturar un modelo socialista de desenvolvemento, viuse na necesidade de elaborar un programa de salvación nacional no mesmo tempo histórico en que a globalización neoliberal impuña o Consenso de Washington ás sociedades latinoamericanas e caribeñas.

A política da revolución cubana, sintetizada no concepto de *período especial*, expresaba a necesidade de transitar por un proceso requirido de grandes esforzos, sacrificios e privacións, para poder enfrontar o golpe devastador que significou a desaparición dos mercados para as nosas producións e do fornecemento de combustible e materias primas. O comercio cos países socialistas de Europa concentraba máis do 85% de todo o comercio exterior cubano.

Os anos difíciles que viviría o país por tan sensibles perdas na orde material, se viron agudizados polo recrutamento oportunista do bloqueo económico dos Estados Unidos, como demostran as leis Torricelli e Helms-Burton, adoptadas sucesivamente por gobernos norteamericanos na década dos 90 do pasado século.

---

(4) RAUBER, Isabel: *Actores sociales, luchas reivindicativas y política popular*, Ediciones UMA, Buenos Aires, 1997, p80. Hai uns meses unha moza mexicana estudante de Ciencias Políticas díxome referíndose ós partidos de esquerda: “o que queren é acceder ó poder, e logo farán o que outros: esqueceranse do pobo.”

(5) Ver RAUBER, Isabel: *Izquierda latinoamericana, crisis y cambio*, Editora Política, La Habana, 1993, p86-132.

O concepto de período especial establecía o tempo mínimo que a sociedade cubana necesitaba para reconstruír as relacións económicas e comerciais do país sobre as novas realidades, reestructurar o seu aparello productivo e de servicios, ó tempo que salvagardaba as conquistas fundamentais da revolución socialista, en primeiro lugar o poder político.

A propia noción de “período especial” era, máis que un posicionamento económico diante das novas realidades, un concepto ideolóxico e político, dirixido a preservar a orientación socialista como única opción para manter a posibilidade de lograr o desenvolvemento con equidade na sociedade cubana.

Diante de tan difícil conxuntura, se Cuba seguise as receitas neoliberais como as que se estaban a aplicar na xeralidade dos países latinoamericanos e caribeños, lanzaría á rúa a centos de miles de traballadores que se verían da noite á mañá sen emprego, ía estar a alternativa da represión para manter a orde na sociedade. Soamente unha política solidaria que permitise distribuír entre tódolos efectos da recesión, ata asimilar o primeiro impacto e comezar a elaborar as fórmulas de saída, evitaría perder as conquistas sociais, e iso só podía ser posible se as maiorías tiñan a suficiente cultura política para o comprender e asumilo e se se contaba con un goberno revolucionario como o cubano.

O reverendo Sergio Arce descríbeteo con certeza: “Como nación vímonos no momento da desintegración da URSS, abafados por este estrago comercial, circunstancia que aproveitou o goberno de Estados Unidos para aumentar a agresividade da súa guerra económica contra o noso pobo, pensando que con iso precipitaría a desaparición da Revolución Cubana. Non contaba coa capacidade de resistencia do noso pobo, nin tampouco coa creatividade dos nosos gobernantes, dispostos a transitar por camiños inexplorados, rumbos que, ó transitalos, non nos conduciron ó abandono das esperanzas de ir facendo paso a paso unha sociedade coa participación de todos e para o ben de todos<sup>(6)</sup>”.

En efecto, a probidade e a eficiencia do liderado revolucionario cimentaron a confianza do pobo, a diferenza dos procesos de perda de prestixio persoal de moitos políticos da rexión.

Cuba seguía sendo, aínda nas novas circunstancias, un proceso diferente e neste sentido alternativo ó que se vivía nos países de América Latina.

Logo de 50 anos de loita e transaccións revolucionarias, é lóxico esperar que algo importante mudase na cultura da sociedade cubana cando a estudiamos como proceso singular no contexto latinoamericano e caribeño. A experiencia socialista cubana enriqueceu a cultura política do pobo, creando modos de percibir a realidade nacional e internacional, actitudes, hábitos e normas de comportamento diferentes.

En moitos xeitos a realidade cubana asimíllase á realidade continental, niso radica parte importante da súa universalidade como proceso social, pero noutros des-

---

(6) ARCE MARTÍNEZ, Sergio: *Entereza y libertad, paradigmas y tareas de la teología cubana hoy*, Cuba Socialista, nº 24, La Habana, 2002, p38

tácase a súa singularidade, o específico de Cuba, en particular o que lle ten aportado ó proceso revolucionario.

Cuba afronta problemas similares ó resto dos países de América Latina. En primeiro lugar, o do subdesenvolvemento. A historia demostra que máis de 40 anos de construción dun proxecto nacional propio, non foron suficientes para quitar a Cuba da condición económica de subdesenvolvemento, imposta ós países do chamado Tercero Mundo por séculos de dominación primeiro colonial e despois neocolonial, ó que se suma o sistemático bloqueo dos Estados Unidos e a constante e acrecentada hostilidade dos sucesivos gobernos dese país.

Cuba tamén afronta, ó mesmo igual que o resto dos países da rexión o desnivel tecnolóxico que impón condicións moi desvantaxosas para concorrer no mercado. Igualmente, e vinculado co anterior, América Latina incluída Cuba, afronta o problema do troco desigual sobre a base do troco equivalente.

Cuba, como os demais países latinoamericanos e caribeños ten sobre a súa cabeza a espada de Damocles da débeda externa, mecanismo de opresión e exacción de recursos financeiros e de dominación económica. Afecta de igual xeito a toda a rexión o dominio que teñen as transnacionais dos principais mercados. Compartimos ademais o mesmo entorno xeográfico, a maioría dos países falan o mesmo idioma e as súas historias teñen moito en común.

Sen embargo, hai tamén importantes diferencias. En primeiro lugar as relativas á experiencia histórica dos últimos máis de 40 anos. Non están estendidos en Cuba os hábitos de concorrencia comercial. A sociedade cubana viu pasar durante a segunda metade do século pasado tres xeracións que viviron unha experiencia de orientación socialista, baseada na propiedade social sobre os medios fundamentais de produción e servizos e demais propiedades socializadas.

Os acertos e erros na construción socioeconómica socialista estiveron sempre enmarcados por unha política hostil dos Estados Unidos. Na experiencia revolucionaria cubana hai feitos de tal envergadura como o enfrontamento ás sabotaxes, atentados, invasións, crise de resonancia mundial como a de outubro de 1962, que se suman a unha longa historia de agresións, intervencións e dominación económica e política que data de principios do século XIX. Isto deixou como saldo unha psicoloxía de mercado asediada que se ben cede terreo polo auxe do turismo e as relacións con moitos países, por outra parte refórzase polas continuas presións norteamericanas, as ameazas, e as políticas anticubanas, reforzada na retórica e nos feitos pola actual administración norteamericana, sen excluír a posibilidade dunha agresión militar, para apoderarse novamente dos destinos do país co pretexto de disciplinar á sociedade cubana segundo as regras do mercado e a democracia representativa, que serían os instrumentos para realizar os verdadeiros propósitos de dominación.

Durante décadas, a poboación cubana viviu constantes batallas pola súa independencia que requiriron unha elevada disciplina, así como a postergación de aspiracións grupais e individuais, en prol de preservar o máis importante: a independencia nacional, a liberdade e a identidade cultural.

A constante austeridade na que debeu vivir a poboación cubana creou hábitos de consumo que nada teñen que ver coas realidades de outros países. En Cuba, por exemplo, a maioría da poboación viviu a maior parte da súa vida coa institución do caderno de fornecementos de productos alimenticios, que se ben hoxe dista de cubrir as necesidades totais da poboación, é un subsidio xeral á alimentación do pobo que ten unha base igualitaria para a súa asignación e que xa cumpriu catro décadas de instauración<sup>(7)</sup>.

Disciplina e austeridade, xunto coa confianza na eficiencia do liderado da revolución condicionaron tamén a psicoloxía social no sentido de crear unha inercia de resposta unida que costuma revelarse sempre en primeira instancia, antes que a discrepancia ou o cuestionamento, reaccións máis típicas de outras realidades.

O acceso universal e totalmente de balde á educación e a atención médica convertéronse nun valor social e forman parte da cultura da sociedade cubana actual.

En Cuba os medios de comunicación de masas son propiedade social, a súa actividade é allea ó sensacionalismo, o seu mantemento non depende da actividade comercial e enmárcase dentro dunha finalidade non só informativa senón esencialmente formadora e orientadora.

A ausencia durante décadas de poxas electorais que enfronten a organizacións políticas con promesas programáticas diferentes, e a práctica dun tipo de democracia participativa que ten un programa único para afrontar os retos sociais e económicos, unidos ó feito histórico da existencia dun só partido<sup>(8)</sup>, desenvolveron na poboación hábitos de participación popular e a conciencia da necesidade do consenso que abra paso ás accións substantivas.

A opinión pública, logo de anos de poder popular atopou formas substantivas de canalización e de transformación en accións e decisións. Exprésase de xeito máis

(7) Durante moitos anos, o caderno de abastecementos foi practicamente o único xeito de adquirir bens de consumo para a satisfacción das necesidades básicas de alimentación, roupa, calzado, bens para o fogar e artigos electrodomésticos. O salario medio cubría o acceso á totalidade de artigos alimenticios, o que aseguraba unha distribución altamente equitativa. “Ó diminuír abruptamente a dispoñibilidade de alimentos, como primeira medida, pasouse preto da totalidade dos alimentos ó réxime de racionamento con prezos baixos, como forma de que ninguén quedara desprotexido; sen embargo creou tamén unha alta dependencia da poboación respecto do sistema estatal de distribución centralizada de alimentos”, dinos Angela Ferriol Mururaga no seu ensaio “Cuba: situación social y transformaciones en la política social”, publicado en la revista: Cuba: Investigación Económica, ano 3, nº 1, xaneiro-marzo, INIE, La Habana, 1997, p54. A modo de exemplo, en 1996, preto do 75% da dispoñibilidade total de alimentos distribuíuse en Cuba polo sistema de racionamento e a través da alimentación social (comedores de traballadores, escolares e hospitalarios), é dicir, distribución subsidiada, un 14% en mercados de libre formación de prezos, e o resto proveniente de sistemas de autoabastecemento.

(8) É un mito estendido o de que a construción do socialismo impón un partido único. En Cuba, o goberno revolucionario non dictou ningún decreto abolindo os partidos políticos. Ó triunfar a revolución só tres organizacións combateron a dictadura batistiana: o Movemento 26 de Xullo, o Directorio Revolucionario 13 de Marzo e o Partido Socialista Popular. Outros partidos políticos non tiñan raizame orgánica, artellábanse só en épocas electorais, actuaban como “partidos de cadros”, moitos calaron ante os crimes da dictadura, colaboraron con ela ou non a combateron. Despois de 1959 estes partidos definitivamente desprestixiados desfíxéronse sós fronte ás potencialidades populares liberadas polo triunfo revolucionario, mentres as tres organizacións que participaron no proceso de loita revolucionaria, identificadas co liderado de Fidel Castro, desenvolveron un exemplar proceso de unidade revolucionaria –non sen algúns brotes de sectarismo que foron superados– que os levou a agruparse ó redor das Organizaciones Revolucionarias Integradas (ORI) debilitadas logo Partido Unido de la Revolución Socialista (PURS) que en 1965 adopta o nome de Partido Comunista de Cuba.

consciente e ordenada a través das organizacións xeradas polo proceso revolucionario. O seu estilo de manifestación e a súa relación co poder real difiren substancialmente do vixente no resto da rexión.

Cuba practicou de modo masivo e exemplar o internacionalismo, nun exercicio que involucrou a centos de miles de persoas e as súas familias e formou conciencia de colaboración desinteresada en toda o pobo.

A pregunta que encabeza este escrito, acerca de se a revolución cubana é hoxe modelo ou exemplo, ten relación alomenos con dous xeitos dos procesos de transformación revolucionario: o que conduce ó poder e ó proceso de construción social. Son dous momentos, obviamente, parte dun mesmo continuo pero de cualidades e características diferentes.

Analicemos inicialmente o primeiro dos dous momentos.

A situación do mundo –que xa experimentara unha viraxe radical coa desaparición da comunidade socialista este europea, que conduciu á aceleración do neoliberalismo e á euforia dos poderes capitalistas nortecéntricos–, mudou novamente despois do ataque ás torres xemelgas de Nova Iorque cara unha maior agresividade por parte dos Estados Unidos. As dúas guerras contra Iraq, a guerra contra Iugoslavia, a guerra contra Afganistán, as presións sobre Corea do Norte, o apoio militar a Colombia, a promoción da chamada Área de Libre Comercio das Américas, e calquera acción internacional apunta cara a creación dun esquema de dominación absoluta por parte da potencia norteamericana.

Esa realidade conduce a un esquema diferente no panorama internacional: calquera proxecto de liberación e desenvolvemento dun país ou rexión do mundo aparece hoxe como unha ameaza directa cara ese poder hexemónico en xestación, polo que calquera vontade política que xurda hoxe na rexión latinoamericana e caribeña dirixida a lograr un modelo de desenvolvemento económico e social que beneficie ás grandes maiorías<sup>(9)</sup>, entra en oposición directa ós planos estratéxicos dos Estados Unidos.

Isto –entre un conxunto de elementos– fai que a acumulación das forzas necesarias para o troco pase obrigatoriamente por procesos de amplas alianzas tanto cara ó interno das sociedades nacionais como ó ámbito rexional. As alianzas concéntanse soamente dando e recibindo, facendo concesións e obténdoa. As formas de loita revolucionaria, a estratexia e as tácticas, teñen que adaptarse ás novas situacións e tomar nota do que é posible facer e como. Todo iso impacta directamente –modificándoo– o paradigma de liberación do continente.

Outro elemento súmase ó anterior. O fracaso da experiencia socialista en Europa do Este e as reformas económicas radicais que levan ó cabo a República Popular China e Vietnam, eliminaron do paradigma emancipador a idea do Estado socialista centralizado, cun plano económico ríxido e un partido único. Este troco no imaxinario das formas popu-

(9) O que implicaría políticas de recuperación do patrimonio nacional, políticas financeiras e comerciais, fortalecemento do papel do Estado e a súa intervención no mercado, regras de distribución diferentes das pautadas polo neoliberalismo, un modelo propio de comunicación social, etcétera.

lares do poder súmase a outra realidade: calquera experiencia emancipadora en América Latina terase que ver coa competencia mercantil, afrontar a orde económica internacional inxusta, co mecanismo dominador da débeda externa, co control monopolístico dos mercados, co desnivel tecnolóxico e coa manipulación financeira.

Noutras palabras, o modelo que conxecturou primeiro a toma do poder e logo a construción, xa non vai máis. Ó respecto resultan novamente de grande interese as consideracións que fai Isabel Rauber:

“As reflexións sobre as experiencias acumuladas polo campo popular e a esquerda latinoamericana, contribuíron –a pesar de non ser xeralizadas–, a superar ou a facer unha chamada á superación das anteriores e tradicionais posicións respecto ó poder, o político e a política, en prol de responder ós novos requirimentos da realidade social e política que se está a conformar en América Latina e o Caribe. (...) “nas organizacións populares está moi difundido o criterio de que non se trata de tomar o poder; que hai que ser capaz de construír ese poder, que é a capacidade que un ten de impor ou de levar adiante os proxectos que cre posibles<sup>(10)</sup>”.

Nese sentido, tendo en conta todo o expresado, pode afirmarse que o modo no que Cuba accedeu á posibilidade dun sistema social e político dirixido a defender os intereses das grandes maiorías e a maneira en que se desenvolveu a sociedade cubana xa non resulta vixente, non polos defectos ou problemas que tivese ou aínda teña, senón porque nas realidades de hoxe o seu éxito resulta pouco probable.

Por outra parte, medrou tanto a fenda tecnolóxica e financeira entre os países do Primeiro Mundo e os do resto do mundo, é de tal magnitude a potencia militar concentrada e son de tal envergadura os intereses do capital transnacional en tódolos países e rexións que un enfrontamento de ruptura total como foi o caso cubano ten poucas posibilidades. A tarefa liberadora e do desenvolvemento require dun proceso de unidade nacional e desenvolvemento integral da cultura política das grandes maiorías, que hoxe terá que realizarse sobre a marcha, como parte do proceso, e tendo en conta a situación rexional e mundial.

A construción social irá entón aparelada desde o principio á construción de poder, hai que facelo desde dentro e desde abaixo.

Os retos que se alzan hoxe diante dos revolucionarios presentan novas complexidades; facer a revolución hoxe require ante todo construír poder, podería dicirse construír a revolución, o que significa facer conciencia, acumular experiencia, conquistar gran a gran e consolidar cotas de poder, en tódolos ámbitos sociais, sendo de particular importancia o nivel local. Hoxe resulta revolucionaria a recuperación do patrimonio nacional dilapidado por sucesivos gobernos entreguistas na rexión, o logro de políticas sociais, facer valer os dereitos cidadáns en tódolos terreos, traballar día a día cunha perspectiva de transformación integral da sociedade, pero sen menosprezar o vindicativo.

---

(10) RAUBER, Isabel: *Actores sociales, luchas reivindicativas y política popular*, Ediciones UMA, Buenos Aires, 1997, p81.

Estes obxectivos e estilos, se son verdadeiramente revolucionarios, necesitan entón unha proxección a longo prazo referida a todo o entramado do poder na sociedade, non se trata dun accionar fragmentado, alleo a unha estratexia xeral de loita, que non exclúe as accións diante do continxente, que só poden orientarse e ter a oportunidade de ser exitosas se previamente se ten unha visión de longo alcance.

Ter unha perspectiva de transformación integral da sociedade significa, como afirma Rauber, ter en conta “...que a súa loita e construción insírese dentro das relacións de poder existente (hexemónico-coactivas) e que nalgún momento entrará en contradición con este polo que debe estar artellado ou inscrito nun proceso maior (sociopolítico).

En caso contrario quedará atrapado polas relacións de poder dominantes, posiblemente como unha variante do poder central, como unha alternativa local illada do conxunto e sen perspectiva de medrar e polo tanto morrerá no futuro, ou caerá pola acción directa das forzas represivas do Poder<sup>(11)</sup>”.

A relación entre a estratexia e a táctica revolucionaria é moito máis complexa nas realidades de hoxe. Requírese, sobre todo, loitar no terreo das ideas. O capitalismo serodio, a globalización neoliberal, nada teñen que ofrecer á humanidade como non sexa o continuo ensanchamento da fenda entre ricos e pobres e o crecente perigo de desaparición da propia especie humana. A humanidade será socialista ou non, e o socialismo verdadeiro é de natureza revolucionaria.

Cuba, a súa revolución social, a súa nova cultura, significan sen dúbida algunha un exemplo que logrou un pobo en revolución, aproveitando a conxuntura histórica que lle tocou vivir; non é un modelo a seguir, algo que, vale dicir, nunca se propuxeron os revolucionarios cubanos. Cuba, sen embargo resulta exemplo de dignidade, de firmeza, de heroísmo da pobo, de exercicio do poder político en función dos intereses das grandes maiorías, de solidariedade, de soberanía e independencia, de defensa da súa identidade cultural, de internacionalismo e fonte de inspiración para tódolos revolucionarios.

---

*Darío L. Machado Rodríguez é sociólogo, investigador titular, Ministerio de Ciencia, Tecnoloxía e Medio Ambiente de Cuba.*

---

(11) Op.cit. p86.